

Santiago de Compostela, 18 de novembro de 2019

A I e II Rede para a Recuperación dos Ecosistemas Mariños no Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia, foi galardoada este luns cun **Accésit** dentro dos **premios ODS 14 de Salvamento Marítimo**. Este proxecto promovido polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia xunto co Parque Nacional Marítimo Terrestre das Illas Atlánticas de Galicia e o Centro Oceanográfico de Vigo (IEO) en condición de socios, obtivo este recoñecemento de Salvamento Marítimo grazas ao traballo desenvolvido por estas entidades nos dous últimos anos, destacando especialmente as iniciativas de sensibilización para a conservación dos nosos mares, promovendo deste xeito o ODS 14.

Como recolle Salvamento Marítimo na súa páxina web, estes galardóns están dirixidos a persoas físicas, asociacións ou empresas que co seu traballo desenvolveron iniciativas dirixidas a concienciar sobre a necesidade de preservar o medio mariño e accións para loitar contra a contaminación, como limpeza de lixo mariño, recuperación de fondos mariños ou incluso desenvolvemento de elementos técnicos que faciliten a loita contra a contaminación.

Desde o propio COBGA, Parque Nacional e Centro Oceanográfico de Vigo non queren deixar pasar a ocasión para felicitar e agradecer a todas e cada unha das case **40 entidades** que forman parte da Rede, por todas as actividades que se desenvolveron estes dous últimos anos e que, sen dúbida, foron decisivas á hora de facerse con este importante galardón.

Neste sentido, tamén é necesario lembrar que este proxecto en rede de loita contra o lixo mariño conta coa colaboración da Fundación Biodiversidade, do Ministerio para a Transición Ecolóxica a través do Programa pleamar, cofinanciado polo Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP). Ademais, forma parte do proxecto LIFE IP INTEMARES "Xestión integrada, innovadora e participativa da Rede Natura 2000 no medio mariño español", que coordina o Ministerio, a través da Fundación Biodiversidade.

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.